

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Contos da tradición oral de Galicia

O raposo e o lobo na roza [AT-15: The Theft of Food by Playing Godfather]

O raposo e mailo lobo axustaron, non, aparcearon pa cavar unha finca de monte. O lobo podía máis que o raposo, cavaba moito, e levaban unha miguiña de leite e mais a comida pra comer. E taban cavando, o raposo non daba andado ó lobo; o lobo iba diante e logo dixo o raposo:

□ ¡Eh! ¿Quen vén?

□ Berran por ti □ dixo o lobo □ ¿Que queren?

□ Eu non sei que me queren; berran as mulleres por min.

□ Vai aló a ver que queren; vai aló a ver que queren.

E foi. E foi á ola donde tiñan o leite e bebeu un pedazo. E veu pa cabo do lobo, o lobo taba cavando e dixo:

□ ¿Que é, ho?

□ Era facer un bautizo, ho; era facer un bautizo, que non era outra cousa.

□ ¿E como lle puñeche?

□ Comezado.

Bueno, vai o raposo colle de aixada, volveu a cavar tras do lobo e adiante outro pouquiño. De alí a un pedazo dixo o raposo:

□ ¡Eh!

□ ¿Pero, que tes, ho?

□ Volvéronme a chamar □ dixo □. Bo, bo, non lles faigo caso; non vou.

Dixo o lobo:

□Vai, ho, vai que □dixo□ cavo eu un terrón máis, que é igual.

Volveu. Vai o raposo bebe outro pedazo da ola do leite. Volveu pa cabo do lobo, claro:

□¿E que era, ho?

□Era outro bautizo, ho.

□¿E como lle puñeche?

□Mediado.

Iba a ola a menos. Bueno, volveu a cavar outro pouco e tal, e logo volven a berrar.

□¿Pero, que é o que tedes, ho! ¡Setecentos demoños vos coman que sempre estades ...! ¡Non deixades traballar a un a gusto! ¡Non vou pa aló!

□Vai, ho, vai □dixolle o lobo□; vai pa aló.

E dixo, cando veu, dixo:

□¿E que era?

□Era outro bautizo, ho. ¡Que había ser!

□¿E como lle puñeche?

□Rematado.

Acabárase o leite. Bueno, cavaron dous ou tres terróns máis. O lobo taba cansado; o raposo non, que era de viaxe, que había tar cansado, e dixo:

□¿Vamos comer?

□Vamos.

Claro, iban comer pero, ¡o carallo!, non había que comer, que o leite bebéao o raposo. ¡Que habían comer!

¡Hostias!

□¡Me cago en dióster! □dixolle o lobo□ ¡Bebícheo tu o leite!

Dixo o raposo:

□Eu non, eu non bebín nada, senón vámonos poñer á raxeira e ó primeiro que lle sude o cu foi o que bebeu o leite.

Moi ben, o lobo como taba cansado deitouse á raxeira e o raposo tamén. Pero o raposo en desque veu que adormecera o lobo, vai e saca de pirola e méxalle no cu.

E así que estaba mexado, que o tiña mollado, díxolle:

□¡Oí, ho, lovántate! ¡Ves! ¡Quen bebiche o leite fuche tu, namentras que fun eu face-los bautizos! ¡Ves como che suda o cu!

Recompiladores: Equipo Chaira (M^a Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba, Mercedes Salvador e Antonio Reigosa)

Informante: Rodolfo Caballero (56 anos).

Lugar e data de recollida: A Xesta, Quende. Xaneiro de 1993.

Proxecto: Transcrición extraída do Inventario de lendas, contos e outras manifestacións da literatura oral do concello de Abadín. Campaña 1992-1993.